


# INFORME DE RESULTADOS DO PLAN ANUAL DE AVALIACIÓN DAS USUARIAS E USUARIOS

---

Curso 2017/2018

R4 MC-05 P1





Durante o curso 2017/2018 desenvóléronse as actividades de avaliación de satisfacción formalizadas no PAESU actualizado.

No que se refire á ficha 1 (2017-PAESU/01) consistente nas reunións cos Delegados/as de cada curso do grao en Xeografía e Historia, tanto na modalidade presencial e representantes da Delegación do estudantado, para avaliar a dinámica do curso e do centro por parte do decano/coordinación de Calidade, tiveron lugar tres xuntanzas ao inicio de curso e ao remate de cada un dos dous cuatrimestres (28/09/2017, 02/03/2018 e 15/05/2018), con resultados satisfactorios, xa que nas dúas a asistencia foi xeneralizada e houbo interesantes aportacións dende as perspectivas de representación do estudantado. Os aspectos máis salientables destas xuntanzas foron expostos á Coordinadora do grao, así como debatidos na Comisión de Calidade e na Xunta de Facultade. Todas as demandas foron debidamente contempladas e nos casos necesarios remitidas aos organismos pertinentes, tal e como figura nas actas relativas aos informes. Sen dúbida esta actividade resultou altamente satisfactoria e contribuíu a mellora continuada.

Así mesmo, no que se refire a ficha 2 (2017-PAESU/02), que ten como obxecto avaliar a dinámica do curso e do centro coa modalidade semipresencial tamén coa supervisión por parte do decano/coordinación de Calidade, se celebrou unha primeira xuntanza de acollida ao inicio do curso (14/09/2017) e outras dous ao remate de cada un dos dous cuatrimestres (08/03/2018 e 24/05/2018), con resultados satisfactorios. Se ben neste caso a asistencia foi menor, dadas as condicións intrínsecas a este tipo de alumnado, os asistentes o fixeron en representación do resto, xa que trátase dun grupo ben coordinado e en constante comunicación a través das novas tecnoloxías. Na derradeira xuntanza a coordinadora de Calidade solicitou un escrito conxunto que recollera toda a problemática exposta. Dito escrito foi recibido con data 07/06/2018 e transmitido á Coordinadora do grao, e debatidas na Comisión de Calidade e na Xunta de Facultade. Todas as demandas foron debidamente contempladas e froito delas, debatiuse, en concreto, a pertinencia de gravar as aulas ou no seu defecto pílulas introdutorias ou xenéricas de cada materia.

Aínda que non estaba contemplado no PAESU do pasado curso, dado que se iniciou a implantación do PCEO co grao de Turismo e Xeografía e Historia, a coordinadora de Calidade mantivo

unha xuntanza (31/05/2018) ao remate do curso co estudiantado matriculado, cun resultado óptimo en relación á súa satisfacción e as propostas de mellora realizadas, que se levaron á Xunta do Centro.